

EXTRACTO DE ACTA DE SESIÓN DE ÓRGANO MUNICIPAL

ÓRGANO: PLENO DO CONCELLO

CLASE DE SESIÓN: ORDINARIA

DATA DA SESIÓN: 13 DE XANEIRO DE 2020

HORA DE INICIO: 10:00

HORA DE REMATE: 12:30

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: Luís López Diéguez, Concepción Isolina Somoza Calviño, Pablo Sobrado Vázquez, Ana Belén Calvo Mariño e José Manuel Camba Mejuto.
- GRUPO MUNICIPAL UNIDADE POR RODEIRO: Alberte Lamazares Casero, M^a Belén Villanueva Patao, José Rodríguez Pérez e Xandra García Hermida.
- GRUPO MUNICIPAL MIXTO: José Antonio González Dacal.

CONCELLEIROS/AS AUSENTES: Rubén P. Quintá Quintá.

ASUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA E ACORDOS ADOPTADOS:

1º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2018.- Quedou aprobada pola maioría de cinco (5) votos a favor (grupo municipal do Partido Popular) e cinco (5) en contra (grupos municipais Unidade por Rodeiro e mixto), en virtude do voto de calidade do alcalde (artigo 46.2 d) LRBRL).

(Auséntase da sesión a concelleira Sra. Villanueva Patao).

2º.- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA O ACORDO DO PLENO DE DATA 02/09/19 REFERENTE ÁS BONIFICACIÓNS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI).- Desestimáronse os recursos pola maioría de cinco (5) votos a favor (grupo municipal do Partido Popular) e catro (4) abstencións (grupos municipais Unidade por Rodeiro e mixto).

3º.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO SR. GONZÁLEZ DACAL RELATIVA Á ADOPCIÓN DE ACORDOS CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO.- Foi rexeitada pola maioría de cinco (5) votos en contra (grupo municipal do Partido Popular) e catro (4) a favor (grupos municipais Unidade por Rodeiro e mixto).

4º.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO SR. GONZÁLEZ DACAL RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS COA DOTACIÓN DE AMBULANCIA PARA A COMARCA DO DEZA.- Aprobouse por unanimidade dos nove (9) concelleiros e concelleiras presentes.

5º.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO SR. GONZÁLEZ DACAL RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA COLABORAR NA LOITA CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.- Foi rexeitada pola maioría de cinco (5) votos en contra (grupo municipal do Partido Popular) e catro (4) a favor (grupos municipais Unidade por Rodeiro e mixto).

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDADE POR RODEIRO RELATIVA AO ARRANXO DO ACCESO A ALGÚNS DOMICILIOS DO LUGAR DE BARRIO (SAN MARTIÑO DE ASPERELO).- Foi rexeitada pola maioría de cinco (5) votos en contra (grupo municipal do Partido Popular) e catro (4) a favor (grupos municipais Unidade por Rodeiro e mixto).



7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDADE POR RODEIRO RELATIVA A DOTAR Á COMARCA DO DEZA DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA.- Foi rexeitada pola maioría de cinco (5) votos en contra (grupo municipal do Partido Popular) e catro (4) a favor (grupos municipais Unidade por Rodeiro e mixto).

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Formulan rogos e preguntas os concelleiros Sres. Lamazares Casero e González Dacal.

Dou fe.

O secretario do Concello
(*sinatura dixital*)

José M^a Novo Ramos

